

I. DISPOSICIÓN XERAIS

BANCO DE ESPAÑA

- 8104** *Circular 3/2021, do 13 de maio, do Banco de España, pola que se modifica no que respecta á definición do tipo de xuro de referencia baseado no Euro short-term rate (€STR) a Circular 5/2012, do 27 de xuño, a entidades de crédito e provedores de servizos de pagamento, sobre transparencia dos servizos bancarios e responsabilidade na concesión de préstamos.*

I

O obxectivo principal da presente circular é adaptar a definición do índice baseado no *Euro short-term rate* (€STR), para efectos da súa consideración como tipo oficial, recollida no anexo 8, ordinal sexto, da Circular 5/2012, do 27 de xuño, a entidades de crédito e provedores de servizos de pagamento, sobre transparencia dos servizos bancarios e responsabilidade na concesión de préstamos, tras a publicación da Orientación (UE) 2021/565 do Banco Central Europeo, do 17 de marzo de 2021, pola que se modifica a Orientación (UE) 2019/1265, sobre o tipo de xuro a curto prazo do euro (€STR) (BCE/2021/10), pola que se establecen a elaboración e a publicación diaria, a partir do 15 de abril de 2021, dos tipos medios compostos baseados no €STR.

II

Tras a modificación introducida pola Orde ETD/699/2020, do 24 de xullo, de regulación do crédito revolvente, no artigo 27 da Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, de transparencia e protección do cliente de servizos bancarios, ese precepto inclúe no seu número 1.f), entre os índices de referencia considerados tipos de xuro oficiais, o «Tipo de xuro de referencia baseado no *Euro short-term rate* (€STR)», e esta orde habilita o Banco de España para establecer a definición e o proceso de determinación dos tipos de xuro oficiais [disposición derradeira terceira, número 2.a)].

A Circular do Banco de España 1/2021, do 28 de xaneiro, modificou a Circular 5/2012 para establecer, entre outras cuestións, a definición, para efectos da súa consideración como tipo oficial, do tipo de xuro de referencia baseado no €STR, que se recolle no ordinal sexto do anexo 8 da dita circular como «o tipo de xuro a distintos prazos que o Banco Central Europeo elabora baseado no tipo de xuro *Euro short-term rate* (€STR) e publica a través do seu *Statistical Data Warehouse* (SDW), ou en calquera outro medio polo cal difunde a dita información».

Como se explicaba na exposición de motivos da Circular 1/2021, do 28 de xaneiro, no momento da súa publicación, o BCE, na súa condición de administrador dese índice, estaba finalizando a elaboración dun índice a distintos prazos baseado no €STR, que prevía publicar; este índice a diferentes prazos é o que adquiriría, unha vez que o BCE comezase a súa publicación, a consideración de tipo oficial de referencia baseado no €STR, ao cal se refire o artigo 27.1.f) da Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro.

Para estes efectos, segundo fixo público o BCE na Orientación BCE/2021/10, o dito índice a diferentes prazos baseado no €STR comezará a publicarse a partir do 15 de abril.

A Orientación BCE/2021/10 describe a metodoloxía utilizada polo BCE no cálculo dos tipos compostos baseados no €STR e determina, para o cálculo destes tipos compostos, a utilización da información histórica dos valores diarios do €STR e a súa obtención como a media dos datos observados do €STR ao longo dun intervalo de tempo, cuxa amplitude é coincidente cos respectivos prazos (unha semana, un mes, tres meses, seis meses e doce meses) para os cales son calculados.

Dado que o BCE estableceu na súa Orientación BCE/2021/10 unha difusión diaria do índice €STR nos seus distintos prazos, considérase procedente que o tipo oficial baseado

no índice €STR se defina por referencia ao dato diario correspondente ao último día hábil do mes, segundo o calendario de TARGET2, para cada un dos distintos prazos difundidos polo BCE, ao considerarse a opción máis adecuada por razóns de sinxeleza e utilidade para o mercado.

III

A presente circular consta dunha norma única e dunha disposición derradeira.

A norma única recolle a modificación que se propón introducir na definición do índice €STR prevista no ordinal sexto do anexo 8 da citada Circular 5/2012, do 27 de xuño, tras a publicación da Orientación BCE/2021/10, onde se recollen os procedementos de determinación e as normas de difusión dos tipos medios compostos baseados no €STR.

A disposición derradeira única prevé que a presente circular entre en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*, co fin de que a norma estea en vigor o antes posible para que o Banco de España proceda á publicación mensual dos tipos oficiais, tras o inicio da publicación de tipos medios compostos baseados no €STR por parte do BCE.

Nesta circular dáse cumprimento aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia regulados no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, xa que con ela se conseguen os fins perseguidos sen impor cargas innecesarias ou accesorias, regulando exclusivamente os aspectos imprescindibles, de forma coherente co resto do ordenamento.

De conformidade co previsto no artigo 133.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, non se considerou necesario levar a cabo un trámite de consulta pública previa, dado que a proposta normativa non ten un impacto significativo na actividade económica, non impón obrigacións relevantes aos destinatarios e se limita a regular aspectos parciais do contido da Circular 5/2012, do 27 de xuño (en concreto, a definición do tipo de referencia baseado no €STR, que é só un dos varios previstos no anexo 8 desa circular), e debido a que concorren razóns de interese público que o xustifican, dada a conveniencia da súa entrada en vigor o antes posible para que o Banco de España proceda á publicación mensual dos tipos oficiais.

Esta circular someteuse aos trámites de audiencia e información pública con obxecto de permitir a participación dos sectores afectados e dos cidadáns en xeral.

En consecuencia, en uso das facultades que ten concedidas, o Consello de Goberno do Banco de España, por proposta da Comisión Executiva, e de acordo co Consello de Estado, aprobou a presente circular, que contén a seguinte norma:

Norma única. Modificación da Circular 5/2012, do 27 de xuño, a entidades de crédito e provedores de servizos de pagamento, sobre transparencia dos servizos bancarios e responsabilidade na concesión de préstamos.

Introdúcese a seguinte modificación no número 6 do anexo 8, sobre «Tipos de xuro oficiais de referencia do mercado hipotecario: definición e proceso de determinación», da Circular 5/2012, do 27 de xuño, que queda redactado nos seguintes termos:

«6. Tipo de xuro de referencia baseado no *Euro short-term rate* (€STR).

Defínese como o valor que o último día hábil do mes para efectos de TARGET2 teña o tipo de xuro medio composto a distintos prazos (unha semana, un mes, tres meses, seis meses e doce meses), que o Banco Central Europeo elabora baseado no tipo de xuro *Euro short-term rate* (€STR) e publica a través do seu *Statistical Data Warehouse* (SDW), ou en calquera outro medio polo cal difunda a dita información.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente circular entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Madrid, 13 de maio de 2021.–O gobernador do Banco de España, Pablo Hernández de Cos.